

ABAU
CONVOCATORIA DE XUÑO
Ano 2021
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
HISTORIA DE ESPAÑA
(Cód. 03)

Definición do termo **Bárbaros** (ata 0,5 puntos)

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
Suspenso (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: - Termo co que os romanos designaban os pobos que vivían fóra das fronteiras do Imperio. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (0,35-0,4)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado) - Termo pexorativo co que os romanos denominaban os pobo que non tiñan a cultura e a lingua romanas. - Amezaban as fronteiras romanas con incursións - Citar algún dos pobos bárbaros (godos, vándalos, alanos, suevos...) Redacción: correcta
Sobresaliente (0,45-0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable). - Tería un significado de estranxeiro por contraposición coa poboación que tiña o dereito latino ou o dereito de cidadanía romana. - Estes pobos aproveitaron a debilidade económica e militar padecida polo imperio romano a partir da crise do século III para entrar nos seus territorios (limes). - Ante a imposibilidade de facer fronte á súa penetración no Imperio, os romanos estableceron pactos con algún destes pobos. - No século V d.C. conseguiron invadir o Imperio romano de Occidente. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Definición do termo **Mesta** (ata 0,5 puntos)

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
Suspenso	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta

(0,15-0,2)	Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Asociación de gandeiros de ovellas meiriñas transhumantes fundada na Idade Media. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (0,35-0,4)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado) -Creada polo rei castelán Afonso X no s.XIII (1273) -Afonso X apoiou aos gandeiros en detrimento dos agricultores -Tiña privilexios reais para o tránsito polas cañadas e para a utilización de pastos debido a que a la era o principal produto de exportación de Castela e proporcionaba ingresos á Coroa. Redacción: correcta
Sobresaliente (0,45-0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable). -Os privilexios da Mesta desaparecerán no século XVIII -Prosperou especialmente en Castela porque dispoñía de grandes espazos baleiros. -Dita asociación abólese definitivamente en 1837. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Definición do termo Xuntas do Reino de Galicia

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
Suspenso (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: - Institución que actuaba en representación do Reino de Galicia ante a Coroa no Antigo Réxime. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (0,35-0,4)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado) -Estaba integrada polos deputados das cidades capitais das sete provincias galegas - As súas reunións facíanse a petición do monarca para repartir a carga fiscal e as levas militares concedidas previamente polas Cortes castelás ou para a concesión de donativos propios. - As reunións tamén servían para debater a situación do reino e facer chegar ao rei as súas peticións. Redacción: correcta
Sobresaliente	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a

(0,45-0,5)	<p>maiores (ademais do esixido para o notable).</p> <p>- Nas Xuntas estaban representadas as cidades de Santiago, Lugo, Ourense, A Coruña, Betanzos, Mondoñedo e Tui.</p> <p>Unha das súas principais reivindicacións foi a concesión a Galicia de voto nas Cortes de Castela, que obtiveron durante o reinado de Felipe IV (1623).</p> <p>- Foron creadas no século XVI e estaban presididas polo Gobernador e Capitán Xeneral de Galicia</p> <p>Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado.</p> <p>Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.</p>
------------	---

Definición do termo **Despotismo Ilustrado**

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
Suspenso (0,15-0,2)	<p>Coñecementos: resposta confusa ou incompleta</p> <p>Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas</p>
Aprobado (0,25-0,3)	<p>Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte:</p> <p>-Forma de goberno característica das monarquías absolutas europeas da segunda metade do século XVIII.</p> <p>Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple</p>
Notable (0,35-0,4)	<p>Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado)</p> <p>-Mantendo os fundamentos do Antigo Réxime, aplicaba reformas baseadas nas ideas ilustradas.</p> <p>-Pretendía promover o benestar dos súbditos sen alterar os principios esenciais do Antigo Réxime (absolutismo político e sociedade estamental).</p> <p>Redacción: correcta</p>
Sobresaliente (0,45-0,5)	<p>Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable).</p> <p>-Aplicou reformas sociais, económicas, educativas... baseadas nos principios de racionalización e progreso.</p> <p>-Carlos III foi o seu máximo expoñente en España.</p> <p>-As reformas foron paralizadas polo impacto causado polo triunfo da revolución francesa.</p> <p>Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado.</p> <p>Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.</p>

Definición do termo **Manifiesto dos Persas**

Suspenso	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
-----------------	---

(0-0,1)	
Suspenso (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Documento suscrito por deputados partidarios do Antigo Réxime no que solicitaban ao rei a abolición da Constitución de 1812 e o restablecemento do absolutismo. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (0,35-0,4)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado) -O nome provén do seu encabezamento “é costume dos persas...”. -Os asinantes comparan a situación vivida durante o exilio de Fernando VII coa anarquía e reclaman a necesidade de restaurar a orde. -Foi entregado ao rei en 1814 ao seu regreso a España logo da derrota francesa. Redacción: correcta
Sobresaliente (0,45-0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable). -Está asinado por 69 deputados servís das Cortes de Cádiz e piden a nulidade dos seus decretos e reformas por iren en contra das leis tradicionais. -O documento serviu de base ao rei para decretar o restablecemento do absolutismo (Sexenio Absolutista 1814-1820) Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Definición do termo **Pronunciamento**

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
Suspenso (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: - Termo aplicado durante o século XIX para designar un golpe de Estado ou alzamento militar que tiña por obxectivo derrubar un Goberno. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (0,35-0,4)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado) - Foron moi numerosos e decisivos na evolución do sistema político liberal español -Faise referencia explícita a algún dos numerosos pronunciamentos do s. XIX

	Redacción: correcta
Sobresaliente (0,45-0,5)	<p>Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable).</p> <ul style="list-style-type: none"> - Houbo pronunciamentos de distinto signo político: liberais contra gobernos absolutistas, progresistas contra gobernos moderados e viceversa. - Faise referencia explícita a algún dos pronunciamentos do s.XIX indicando o seu signo política (por exemplo o pronunciamento liberal de Riego contra o réxime absolutista de Fernando VII, os pronunciamentos dos Sarxentos da Granxa, a Vicalvarada ou a Gloriosa, os pronunciamentos moderados de Narváez contra Espartero, de Martínez Campos en 1874...) - A inxerencia do exército na vida política foi un elemento que causou gran inestabilidade na construción do Estado liberal en España. <p>Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado.</p> <p>Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.</p>

Definición do termo **Expediente Picasso**

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
Suspenso (0,15-0,2)	<p>Coñecementos: resposta confusa ou incompleta</p> <p>Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas</p>
Aprobado (0,25-0,3)	<p>Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Informa redactado polo xeneral Picasso para depurar responsabilidades a raíz da derrota sufrida polo exército español en Annual (Marrocos). <p>Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple</p>
Notable (0,35-0,4)	<p>Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado)</p> <ul style="list-style-type: none"> -Data de 1922 e é o resultado da presión exercida por numerosos grupos políticos e xornais para esixir responsabilidades polo desastre de Annual. -O informe denunciaba a negligencia dos militares e a actuación irresponsable do xeneral Silvestre, xefe das tropas. <p>- Redacción: correcta</p>
Sobresaliente (0,45-0,5)	<p>Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable).</p> <ul style="list-style-type: none"> -Poucos días antes de que o informe chegase ás Cortes, o xeneral Primo de Rivera deu un golpe de Estado (setembro de 1923) -A oposición facía responsable do desastre en última instancia ao propio rei, Afonso XIII. <p>Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado.</p> <p>Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión</p>

	recomendada.
--	--------------

Definición do termo **Brigadas Internacionais**

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto
Suspenso (0,15-0,2)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas
Aprobado (0,25-0,3)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: - Batallóns de voluntarios estranxeiros que viñeron loitar a España no decurso da Guerra Civil (1936-39) defendo a República. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (0,35-0,4)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado) - Integradas por militantes de esquerda antifascistas, especialmente marxistas ou comunistas, de distintos países. - Houbo brigadistas de máis de 50 países, destacando a achega de franceses, alemáns, austríacos, italianos, británicos e estadounidenses. - Redacción: correcta
Sobresaliente (0,45-0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable). - Interpretaron a guerra de España como unha nova fronte de loita contra o fascismo. - Tiveron un papel destacado na defensa de Madrid, en novembro de 1936. - Abandonaron o país trala derrota da Batalla do Ebro (outubro de 1938) polas presións do Comité de Non Intervención. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Pregunta a desenvolver : **Os musulmáns na Península Ibérica** (ata 3 puntos)

Suspenso (0-0,6)	Resposta en branco ou sen relación coa materia da pregunta.
Suspenso (0,9-1,2)	Coñecementos: -Resposta confusa, que revela a incomprensión da pregunta (0,9) -Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos (1,2) Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.
Aprobado (1,5-1,8)	Coñecementos: resposta básica que incide nas seguintes cuestións: --As causas da formación de Al-Andalus. -As etapas políticas de Al-Andalus.

	<p>-Características esenciais da economía (principais actividades desenvolvidas e referencia ao seu carácter urbano e monetario)</p> <p>-Trazos principais da sociedade andalusí (diversidade étnica e relixiosa).</p> <p>-Referencia ao urbanismo das cidades musulmás.</p> <p>Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.</p>
Notable (2,1-2,4)	<p>Coñecementos: resposta que demostra o coñecemento do tema:</p> <p>- resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, explica cunha certa profundidade polo menos unha delas.</p> <p>Redacción: correcta</p>
Sobresaliente (2,7-3)	<p>Resposta con precisións e aclaracións:</p> <p>- resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, afonda nunha ou explica con certa profundidade polo menos dúas delas.</p> <p>Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado</p> <p>Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada</p>

Pregunta a desenvolver : **Reconquista e repoboación** (ata 3 puntos)

Suspense (0-0,6)	Resposta en branco ou sen relación coa materia da pregunta.
Suspense (0,9-1,2)	<p>Coñecementos:</p> <p>-Resposta confusa, que revela a incompreensión da pregunta (0,9)</p> <p>-Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos (1,2)</p> <p>Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.</p>
Aprobado (1,5-1,8)	<p>Coñecementos: resposta básica que incide nas seguintes cuestións:</p> <p>-A formación dunha serie de núcleos cristiáns na Península, en paralelo á constitución política de Al-Andalus.</p> <p>-As principais etapas da Reconquista e os avances territoriais característicos de cada unha delas.</p> <p>-O proceso de repoboamento, explicando os diferentes modelos de repoboación que se levaron a cabo en cada etapa.</p> <p>Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.</p>
Notable (2,1-2,4)	<p>Coñecementos: resposta que demostra o coñecemento do tema:</p> <p>- resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, explica cunha certa profundidade polo menos unha delas.</p> <p>Redacción: correcta</p>
Sobresaliente (2,7-3)	<p>Resposta con precisións e aclaracións:</p> <p>- resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, afonda nunha ou explica con certa profundidade polo menos dúas delas.</p> <p>Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado</p> <p>Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada</p>

Pregunta a desenvolver : **Economía e sociedade na Galicia dos Austrias** (ata 3 puntos)

Suspenso (0-0,6)	Resposta en branco ou sen relación coa materia da pregunta.
Suspenso (0,9-1,2)	Coñecementos: -Resposta confusa, que revela a incomprensión da pregunta (0,9) -Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos (1,2) Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.
Aprobado (1,5-1,8)	Coñecementos: resposta básica que incide nas seguintes cuestións: -Sinalar os trazos máis salientables da agricultura galega e os cambios experimentados no s.XVII. -Comentar as principais características da actividade pesqueira. -Referenciar os trazos básicos da sociedade galega salientando o papel desenvolvido pola fidalguía. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (2,1-2,4)	Coñecementos: resposta que demostra o coñecemento do tema: - resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, explica cunha certa profundidade polo menos unha delas. Redacción: correcta
Sobresaliente (2,7-3)	Resposta con precisións e aclaracións: - resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, afonda nunha ou explica con certa profundidade polo menos dúas delas. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada

Pregunta a desenvolver : **Os decretos de Nova Planta e os seus efectos** (ata 3 puntos)

Suspenso (0-0,6)	Resposta en branco ou sen relación coa materia da pregunta.
Suspenso (0,9-1,2)	Coñecementos: -Resposta confusa, que revela a incomprensión da pregunta (0,9) -Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos (1,4) Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes ou mal articuladas.
Aprobado (1,5-1,8)	Coñecementos: resposta básica que incide nas seguintes cuestións: -Conxunto de decretos que suprimiron o réxime foral da Coroa de Aragón, as súas institucións e leis propias. -Foi unha reforma auspiciada polo monarca Filipe V. -O seu obxectivo era lograr maior grado de centralización territorial, seguindo o modelo francés. -Xustificouse polo apoio prestado polos aragoneses a Carlos de Austria durante a Guerra de Sucesión. -Aplicouse en paralelo ao dominio efectivo dos diferentes reinos da Coroa.

	Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (2,1-2,4)	Coñecementos: resposta que demostra o coñecemento do tema: - resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, explica cunha certa profundidade polo menos unha delas. Redacción: correcta
Sobresaliente (2,7-3)	Resposta con precisións e aclaracións: - resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, afonda nunha ou explica con certa profundidade polo menos dúas delas. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada

Composición histórica: **A Revolución Gloriosa** (ata 5 puntos)

Moi deficiente (0-1)	Resposta en branco (0) A resposta é unha paráfrase dos documentos (1)
Deficiente (1,5-2)	Contidos: Xeneralidades sobre a época (1,5) Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, e está elaborada como resposta a unha pregunta teórica (2) Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inventadas, frases incoherentes ou mal articuladas.
Aprobado (2,5-3)	Contidos: -Sinalar de forma xenérica as causas da revolución de 1868 (malestar político, económico e social). -Mencionar o pronunciamento militar de Cádiz e ao seu principal líder -Comentar o carácter democrático da revolución e do sistema político derivado da mesma. -Referenciar os trazos fundamentais da constitución de 1869: sufraxio universal masculino, soberanía popular, monarquía... Uso dos documentos: os documentos cítanse na redacción Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (3,5-4)	Contidos (ademais do esixido para o aprobado, afondar no comentario nalgunha das seguintes cuestións): -Explicar os factores que desencadean a Gloriosa revolución. -Sinalar os seus principais líderes militares e políticos -Referir o desenvolvemento do proceso revolucionario (alianzas políticas, formación de xuntas revolucionarias de ideario democrático, enfrontamento das tropas realistas e revolucionarias, exilio da raíña...). -Facer fincapé no feito de que os demócratas son excluídos do goberno provisional. -Mencionar varias das medidas tomadas polo goberno provisional: convocatoria de eleccións a cortes constituíntes, recoñecemento de amplas liberdades, disolución das xuntas revolucionarias... -Afondar nas características da constitución de 1869: clara división de poderes, liberdade de cultos, dereito de reunión, de asociación, sistema

	<p>bicameral...</p> <p>-Sinalar o establecemento da monarquía de Amadeu de Savoia como conclusión da revolución.</p> <p>Uso dos documentos ademais do esixido para o aprobado, no comentario se fai referencia aos obxectivos propostos polos revolucionarios (doc.1), se sinala a importancia do dereito ao sufraxio (doc. 2) e se relaciona de xeito explícito algún dos artigos do doc. 3 co contido da Constitución.</p> <p>Redacción: correcta e texto coherente</p>
Sobresaliente (4,5-5)	<p>Contidos (ademais do esixido para o notable no comentario recóllese unha ou varias das seguintes cuestións):</p> <p>-Mencionar o Pacto de Ostende e os seus integrantes como o paso previo á revolución de setembro de 1868.</p> <p>-Comentar as reivindicacións sociais das xuntas revolucionarias en consonancia co carácter popular do proceso revolucionario: supresión de quintas, abolición dos consumos, recoñecemento do dereito de asociación...</p> <p>-Enumerar outras medidas menos coñecidas do goberno provisional: creación da peseta, reorganización da milicia nacional, emancipación dos fillos dos escravos, decreto de liberdade de ensinanza...</p> <p>-Facer fincapé no progresivo distanciamento das clases populares integradas nas xuntas revolucionarias respecto dos grupos burgueses ata o momento marxinados do poder político e que organizaran a revolución (revolución falseada)</p> <p>-Comentar a fragmentación política resultante das eleccións a cortes constituíntes, a cal será un factor de inestabilidade durante todo o Sexenio Democrático.</p> <p>-Sinalar a constitución de 1869 como a máis avanzada de todo o s.XIX.</p> <p>-Mencionar a rexencia de Serrano como paso político previo á monarquía de Amadeu de Savoia.</p> <p>Uso dos documentos (ademais do esixido para o notable no comentario analízase en profundidade algún dos documentos):</p> <p>-A resposta relaciona as demandas recollidas no doc. 1 coa restrición de dereitos e liberdades propias do moderantismo e da constitución de 1845</p> <p>-Comentar as limitacións impostas ao sufraxio universal (idade, sexo) (doc, 2)</p> <p>-Relacionar de xeito explícito o artigo 33 do documento 3 con un dos obxectivos do goberno provisional de procura dun novo rei</p> <p>Redacción: correcta e precisa, facendo uso do vocabulario específico. O texto está ben articulado e argumentado</p>

o

Composición histórica: **A Reforma Agraria Liberal** (ata 5 puntos)

Moi deficiente (0-1)	<p>Resposta en branco (0)</p> <p>A resposta é unha paráfrase dos documentos (1)</p>
	<p>Contidos:</p> <p>Xeneralidades sobre a época (1,5)</p>

<p>Deficiente (1,5-2)</p>	<p>Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, e está elaborada como resposta a unha pregunta teórica (2) Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inventadas, frases incoherentes ou mal articuladas.</p>
<p>Aprobado (2,5-3)</p>	<p>Contidos: -Explicación básica do concepto de desamortización. -Referencia xenérica ás causas e obxectivos das medidas desamortizadoras. -Mencionar o tipo de bens afectados polas mesmas. -Sinalar os seus resultados máis destacados. Uso dos documentos: os documentos cítanse na redacción Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.</p>
<p>Notable (3,5-4)</p>	<p>Contidos (ademais do esixido para o aprobado, afondar no comentario nalgunha das seguintes cuestións): -Relacionar as medidas desamortizadoras cos gobernos progresistas e indicar a paralización das mesmas por parte dos gobernos moderados. -Explicar os obxectivos principais perseguidos polas diferentes desamortizacións (p.ex. a financiación do ferrocarril coa desamortización de Madoz, da guerra carlista coas desamortizacións de Mendizábal e Espartero...). -Afondar nas etapas fundamentais do proceso desamortizador e nas características xerais dos bens afectados. -Comentar os principais beneficiados e prexudicados polas desamortizacións e as súas razóns explicativas (relacionadas co sistema de venda a través de poxa pública). -Ofrecer un balance global dos efectos das desamortizacións no eido socioeconómico.</p> <p>Uso dos documentos (ademais do esixido para o aprobado, na resposta afóndase no comentario dalgún dos documentos propostos): -Relaciónase o doc.1 coa desamortización do clero regular (“comunidades e corporacións relixiosas extinguidas”) e/ou co obxectivo de sanear a Facenda (“diminuír a débeda pública consolidada”). -Relaciónase o artigo 1 do doc.2 co carácter xeral da desamortización de Madoz. -Utilízanse as cifras recollidas na táboa para comparar os efectos das desamortizacións eclesiásticas e xeral. Redacción: correcta e texto coherente</p>
<p>Sobresaliente (4,5-5)</p>	<p>Contidos (ademais do esixido para o notable no comentario recóllense unha ou varias das seguintes cuestións): -Mencionar as desamortizacións previas á de Mendizábal (Godoy, Xosé I, Cortes de Cádiz, Trienio Liberal). -Explicar as diferenzas concretas entre clero regular/clero secular e/ou bens propios e comúns dos municipios. -Comentar as críticas ao sistema de venda a través de poxa pública realizadas por Flórez Estrada. -Xustificar o feito de que as desamortizacións non foron en realidade unha verdadeira reforma agraria (non se transforman a estrutura da</p>

	<p>propiedade da terra nin os sistemas de cultivo).</p> <ul style="list-style-type: none"> -Sinalar a relación entre desamortización e atraso da industrialización española (desviación de recursos financeiros cara a compra de terras en lugar de investilos nas actividades industriais). -Facer mención explícita das particularidades do proceso desamortizador en Galicia (mantemento do sistema foral, escasa importancia da desamortización dos bens propios dos concellos...) -Mencionar outras medidas de transformación agraria implantadas polo réxime liberal (abolição dos señoríos, desvinculación dos morgados...) <p>Uso dos documentos (ademais do esixido para o notable, na redacción da composición o contido dos documentos emprégase nalgún destes sentidos):</p> <ul style="list-style-type: none"> -Comentar a relación entre desenvolvemento agrícola e comercial que se menciona no doc.1 -Explicar a diferenza entre “propios e comúns dos pobos” ou o concepto de “mans mortas” mencionado no doc.2 -Empregar os datos do doc.3 para comentar que as desamortizacións eclesiásticas non afectaron ás ordes relixiosas con fins asistenciais (cifra 0 da casa “beneficencia”). <p>Redacción: correcta e precisa, facendo uso do vocabulario específico. O texto está ben articulado e argumentado</p>
--	---

Composición histórica: **O franquismo** (ata 5 puntos)

Moi deficiente (0-1)	<p>Resposta en branco (0)</p> <p>A resposta é unha paráfrase dos documentos (1)</p>
Deficiente (1,5-2)	<p>Contidos: Xeneralidades sobre a época (1,5)</p> <p>Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, e está elaborada como resposta a unha pregunta teórica (2)</p> <p>Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inventadas, frases incoherentes ou mal articuladas.</p>
Aprobado (2,5-3)	<p>Contidos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Contextualizar o réxime franquista -Sinalar as características básicas do réxime e os seus principais apoios. -Comentar de xeito xenérico as principais leis orgánicas a través das cales se institucionaliza a ditadura. <p>Uso dos documentos: os documentos cítanse na redacción</p> <p>Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.</p>
Notable (3,5-4)	<p>Contidos (ademais do esixido para o aprobado, afondar no comentario nalgunha das seguintes cuestións):</p> <ul style="list-style-type: none"> -Explicar en profundidade <u>cando menos dúas</u> das características ideolóxicas do franquismo. -Facer fincapé no papel xogado pola Igrexa como lexitimadora do réxime e un dos seus apoios esenciais (nacionalcatolicismo). -Afondar na contextualización e comentario da lei de Sucesión, lei de Referendo e/ou lei de principios do Movemento Nacional

	<p>Uso dos documentos (ademais do esixido para o aprobado, a resposta emprega contido dos documentos para</p> <ul style="list-style-type: none"> -Comentar a defensa da concentración de poderes na persoa de Franco (doc.1) -Xustificar o apoio da Igrexa ao réxime e ás súas institucións (doc.2) -Facer referencia aos principios inmutables da ditadura (doc.3) <p>Redacción: correcta e texto coherente</p>
Sobresaliente (4,5-5)	<p>Contidos (ademais do esixido para o notable, no comentario recóllense unha ou varias das seguintes cuestións)</p> <ul style="list-style-type: none"> -Sinalar que as bases ideolóxicas do franquismo e os apoios ao mesmo están presentes xa na denominada España Nacional durante a guerra civil. -Comentar a evolución dos trazos fascistas ao longo da ditadura. -Facer referencia ao obxectivo das leis orgánicas franquistas de legalizar un réxime que carecía de legalidade democrática. -Relacionar a promulgación das diferentes leis fundamentais co contexto internacional e a propia evolución da sociedade española. -Explicar o concepto de democracia orgánica <p>Uso dos documentos (ademais do esixido para o notable, analízase en profundidade algún dos documentos):</p> <ul style="list-style-type: none"> -Salientar a exaltación de Franco como líder carismático e providencial (doc.1) -Comentar o anticomunismo da Igrexa española (doc.2) -Relacionar de xeito explícito os artigos do doc.3 cos trazos máis característicos do franquismo (nacionalcatolicismo, defensa da unidade da patria, antiparlamentarismo/Estado corporativo) <p>Redacción: correcta e precisa, facendo uso do vocabulario específico. O texto está ben articulado e argumentado</p>